

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE ANIMADORES/AS SOCIOCULTURAI.

SESIÓN DO 13/07/2022

Presidenta: María Dolores Franco López
Secretaria: María Mariño Poza
Vogal 1: Martín Blanco Buceta
Vogal 2: Joaquina Lomba Fernández
Vogal 3: Elena Dosil Redondo

No salón de Plenos do Concello de Boiro, sendo as 09:00 horas do 13/07/2022, reúnense os membros do tribunal designado para a confección dunha bolsa de emprego temporal de animadores/as socioculturais.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 105 de data 3 de xuño de 2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal.

O obxecto desta sesión é a realización de todas a probas da fase da oposición, a valoración dos méritos achegados polas persoas candidatas e o establecemento do prazo de alegacións, tanto para a fase de oposición como para a fase de concurso.

1.- PRIMEIRO EXERCICIO:

Consistiu na realización dun cuestionario de 40 preguntas tipo test, con 3 alternativas de resposta cada unha, propostas polo tribunal sobre o temario que se detallan nas bases que rexen este proceso selectivo. As persoas aspirantes dispuxeron dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo, tendo en conta que as respostas incorrectas non restarán puntuación.

O tribunal acordou que para acadar esta puntuación mínima deberanse ter un mínimo do 50% das preguntas acertadas (20 preguntas).

Unha vez rematada esta proba, e no momento da súa corrección, foron detectados erros na redacción das preguntas número 21 e 36, polo que o tribunal de oficio, resolveu, por unanimidade, anular estas preguntas e pasar a corrixir as dúas preguntas establecidas de reserva, outorgando as seguintes puntuacións provisionais:

Nº	NOME	PUNTUACIÓN 1º Exercicio
1	BALADO ROSALES, PATRICIA	9,00
2	BELLO GONZÁLEZ, JAIME	7,75
3	CARREIRA GARCÍA, MARÍA LUISA	5,00
4	CONDE CREGO, ALEJANDRO	5,25
5	CORES CES, FERNANDA	7,50
6	FIGUEIRAS GONZÁLEZ, ANTÍA	8,00

2.- SEGUNDO EXERCICIO:



Proba de comprobación de coñecementos prácticos no campo de animación cultural. De carácter obrigatorio, consistiu no deseño da seguinte proposta de intervención sociocultural no concello: “*Elabora un proxecto semestral de intervención socioeducativa con adolescentes de Boiro con dificultades sociais*”.

As persoas aspirantes dispuxeron dun tempo máximo dunha hora para a súa realización. Posteriormente cada persoa candidata leu e expuxo o seu exercicio ante os membros do tribunal, formulando este algunhas preguntas ou solicitando aclaracións relativas ao mesmo.

Para a valoración deste segundo exercicio tívose en conta o contido, a coherencia, claridade, orixinalidade, esquematización e ter plasmado o diagnóstico e obxectivos das propostas.

O exercicio puntuouse de 0 a 10 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non superen o 5. Así, unha vez rematada a proba e escoitadas as exposicións, o tribunal resolveu, por unanimidade, outorgar as seguintes puntuacións provisionais ao segundo exercicio:

Nº	NOME	PUNTOS 2º Exercicio
1	BALADO ROSALES, PATRICIA	8
2	BELLO GONZÁLEZ, JAIME	9
3	CARREIRA GARCÍA, MARÍA LUISA	4
4	CONDE CREGO, ALEJANDRO	5,25
5	CORES CES, FERNANDA	7
6	FIGUEIRAS GONZÁLEZ, ANTÍA	6

A candidata CARREIRA GARCÍA, MARÍA LUISA queda eliminada ao non superar o 5.

3.- TERCEIRO EXERCICIO:

A proba de coñecemento da lingua galega déuselles por superada a tódalas persoas candidatas coa cualificación de apto, xa que acreditaron o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredite ter, como mínimo o CELGA 4.

4.- VALORACIÓN DE MÉRITOS:

Esta fase de concurso non ten carácter eliminatorio. As puntuacións outorgáranse e se farán públicas unha vez celebrada a fase de oposición, realizándose exclusivamente respecto das persoas aspirantes que superasen a mesma.

Así o tribunal, por unanimidade acorda outorgar a seguintes puntuacións provisionais en relación á fase de valoración de méritos:

Nº	NOME	ED. SOCIAL	FORMACIÓN COMPL.	Nº MESES EXP.	TOTAL EXPERIENCI A (max. 2 puntos)	TOTAL FORMACIÓN ESPECÍFICA (Máx. 2 puntos)	TOTAL MÉRITOS
1	BALADO ROSALES, PATRICIA	1	0,330	0	0	1,33	1,33
2	BELLO GONZÁLEZ, JAIME	1	1,425	53	1,06	2	3,06
3	CONDE CREGO, ALEJANDRO	0	0	0	0	0	0



4	CORES CES, FERNANDA	1	2	0	0	2	2
5	FIGUEIRAS GONZÁLEZ, ANTÍA	0	0,59	5	0,1	0,59	0,69

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS.

O tribunal acorda dar un prazo de presentación de alegacións de 2 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acta no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web www.boiro.org,

6.- ANEXOS Á ACTA

Únense a esta acta a planilla de corrección correspondente ó 1º exercicio.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 14:00 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Dolores Franco López

María Mariño Poza

Martín Blanco Buceta

Joaquina Lomba Fernández

Elena Dosil Redondo

ANEXO

PLANILLA DE RESPOSTAS 1º EXERCICIO

NÚM. PREGUNTA	Resposta A	Resposta B	Resposta C	----- -----	NÚM. PREGUNTA	Resposta A	Resposta B	Resposta C	----- -----
1		X			22			X	
2			X		23		X		
3			X		24	X			
4		X			25		X		
5			X		26		X		
6	X				27			X	
7			X		28		X		
8			X		29	X			
9			X		30	X			
10			X		31			X	



11			X		32			X	
12	X				33			X	
13	X				34	X			
14		X			35		X		
15	X				36	ANULADA			
16			X		37		X		
17			X		38		X		
18	X				39		X		
19			X		40		X		
20			X		41		X		
21	ANULADA				42	X			

